



**DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

**PROGRAMACIÓN DE LPM**  
**1º de Bacharelato**

CURSO 2020 - 21

Xefa do departamento: Paula Veiga Sertal

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>2</b>
1.1. MARCO LEGAL.....	2
1.2. PRESENTACIÓN DA MATERIA E CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO .....	4
1.3. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	5
1.4. CONTEXTUALIZACIÓN.....	6
<b>2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....</b>	<b>7</b>
<b>3. OBXECTIVOS DO BACHARELATO.....</b>	<b>8</b>
<b>4. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS SEGUNDO A LOMCE E TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA. ....</b>	<b>11</b>
<b>5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DIDÁCTICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE MÚSICA.....</b>	<b>26</b>
<b>6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>28</b>
<b>7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>	<b>29</b>
7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	29
7.2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	30
<b>8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE E A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....</b>	<b>31</b>
<b>9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>33</b>
<b>10. AVALIACIÓN INICIAL, MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS.....</b>	<b>34</b>
<b>11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>35</b>
<b>12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>36</b>
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>37</b>
<b>14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN .....</b>	<b>38</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### 1.1. Marco legal e presentación da materia LPM

**Real Decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

**Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na CCAA de Galicia.

**Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se dictan as instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Orde ECD/65/2015**, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación do ensino en Educación Primaria, o Ensino Secundario Obrigatorio e o Bacharelato.

A materia de LPM (**Linguaxe e Práctica Musical**) concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a **comunicación**, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.

A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en **cinco bloques**:

- 1- Destrezas musicais
- 2- Audición comprensiva
- 3- A teoría musical
- 4- Creación e interpretación
- 5- As tecnoloxías aplicadas ao son

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe. A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

A **expresión musical** refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual.

A **creación musical** explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición.

Todo isto poténciase coas **tecnoloxías da información**, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical debe estar orientada a despertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada. O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto en que se produciron.

A materia contribúe ao desenvolvemento de **valores** como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse aun público ou a capacidade para traballar en grupo.

A música favorece a **adquisición das competencias clave**, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas.

## 1.2. Presentación da materia, constitución do departamento e reunións

A materia de Música é unha materia específica obrigatoria en 2º e 3º da ESO, mentres que en 4º da ESO e 1º de Bacharelato, é unha materia optativa.

As horas segundo o novo Decreto de Educación quedan estruturadas do seguinte xeito:

2º da ESO: 2 horas/semanais

3º da ESO: 2 horas/semanais

4º da ESO: 3 horas /semanais

1º de Bacharelato: 3 horas/semanais

LPM se cursará en Lingua Galega, como a materia de Música, na ESO.

*En calqueira curso normal, ademais dos contidos impartidos pola profesora a través de apuntes, a materia centrábase no traballo práctico desenvolvido na aula, constando a práctica instrumental en:*

- ✓ *Partituras escritas e proporcionadas polo profesorado.*
- ✓ *Partituras escritas e compostas polo alumnado.*
- ✓ *Partituras sacadas de oído propostas polo alumnado.*

Neste curso tan atípico, a materia de Música ten que modificar obrigatoriedade a súa metodoloxía. As razóns deste cambio son: por unha banda, a perda da aula específica, ao ter que ceder este espazo ao centro para poder xerar unha nova aula

xeral; e por outra banda, a imposibilidade de compartir instrumentos ou de utilizar instrumentos de vento (a frauta doce) ao non existir a distancia obrigatoria imposta polo Protocolo Covid-19 de 3 metros.

En Bacharelato, ao igual que sucede coa materia de Música na ESO, utilizarase aula virtual onde se colgarán todos os apuntamentos necesarios para o seguimento da materia.

O departamento de Música do IES de Soutomaior está formado pola Xefa do Departamento: Paula Veiga Sertal, Xefa do Departamento que impartirá clase en 2 grupos de 2º da ESO, 3º e 4º da ESO na materia de Música e Linguaxe e Práctica Instrumental en 1º de Bacharelato e por Ana Fernández Ramos (docente pertencente ao Departamento de EF, que completará horario con 4 horas de Música en 2º ESO A e 2º ESO B). A **reunión de Departamento** terá lugar os luns (na quinta sesión, de 12:55h a 13:45h). Na primeira reunión de departamento, ademáis da constitución do mesmo, analizarase a Adaptación da Programación do curso pasado para comezar polos contidos que quedaron sen impartir, e a adaptación da metodoloxía e dos contidos a impartir neste curso, tanto nas clases presenciais, como no suposto de ter que impartir de xeito online por un posible confinamento ou fase de corentena.

### 1.3. Programación didáctica

No artigo 13, relativo ás programacións didácticas, da Resolución do 27 de xullo de 2015, indícase que os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado compoñente do departamento.

A programación didáctica incluírá polo menos os seguintes elementos:

- 1- Introducción e contextualización
- 2- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

- 3- Concreción dos obxectivos para o curso.
- 4- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización, do grao mínimo de consecución para superar a materia, os procedementos e os instrumentos de avaliación.
- 5- Concrecións metodolóxicas.
- 6- Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- 7- Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- 8- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- 9- Deseño da avaliación inicial e das medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados obtidos.
- 10- Medidas de atención á diversidade.
- 11- Concreción dos elementos transversais.
- 12- Actividades complementarias e extraescolares de cada departamento.
- 13- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos obtidos.

#### **1.4. Contextualización**

O IES de Soutomaioir é un centro de Ensinanza Secundaria e Bacharelatos, de titularidade pública, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Creouse no 2017-18 e o primeiro curso escolar vai ser o 2018-19. Sitúase na estrada Soutomaioir, nº 46 C en Arcade, Soutomaioir.

O alumnado do IES de Soutomaioir procede do centro de Arcade, das vilas de Soutomaioir e da zona de Paredes e Vilaboa. Na ESO parte do alumnado tamén procede do concello de Pontevedra, posto que o CEIP de Ponte Sampaio é centro adscrito. O outro centro adscrito é o CEIP Manuel Padín Truiteiro.

O Instituto atende a un sector de poboación situado non só no seu concello, senón que tamén atende alumnado da zona sur do concello de Pontevedra (Pontesampaio, Acevedo, Vilar, Canicouva), e alumnado para bacharelato do concello de Vilaboa.

Nos últimos anos produciuse un importante incremento da poboación, este aumento é producido pola chegada de xente do rural galego e en menor medida doutros países, Marrocos, Sudamérica, China, etc.

É un centro que normalmente ten tres liñas na ESO, e dúas en Bacharelato. O alumnado total é de, aproximadamente, 408 alumnos/as. Neste curso, por mor do Covid e do Protocolo, é un centro con catro liñas en 1º da ESO, catro en 2º da ESO, tres en 3º da ESO, catro liñas en 4º da ESO, tres liñas en 1º de Bacharelato e dúas liñas en 2º de Bacharelato.

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

No RD 1105/14 e na Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación do ensino primario, o ensino secundario obrigatorio e o bacharelato, especificábase que as competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresión culturais (CCEC)



Na materia de música desenrolarase cada unha das competencias nos distintos contidos e descritores que aparecen reflectidos no currículo, tal e como se pode ler pormenorizadamente nos cadros do punto 4 desta programación. Como resumo de cada unha delas, dicir que:

- ✓ a **CCL** traballárase cada día dentro da aula, non só na hora teórica, na que traballaremos tanto a comunicación oral como a escrita, a lectura reflexiva e comprensiva e a expresión oral de ideas e contidos, senón tamén na hora práctica, xa que a música é unha linguaxe en sí mesma. Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade e da organización de ideas e de pensamentos a través da linguaxe artística. Outras funcións da linguaxe musical é a de expresar pensamentos, emocións e recoñecemento aos distintos estilos musicais, cun xuízo crítico e ético.
- ✓ a **CMCCT** está presente en todos os contidos de linguaxe musical a través do ritmo e a melodía, dos compases binarios, ternarios e cuaternarios, das figuras con cadansúa duración específica, da altura do son coas unidades de medida de ton e semitón, etc.
- ✓ a **CD** traballárase a cotío na búsqueda de información para elaborar os traballos sobre novas tendencias musicais, grupos de música popular e actual, etc. así coma nas posibilidades que ofrecen hoxe en día as novas tecnoloxías como ferramentas para a produción musical.
- ✓ a **CAA** mostrarase no interese que presente o alumnado á hora de ampliar e diversificar os seus gustos musicais. Así mesmo, na capacidade para pór en práctica todo o aprendido: improvisacións melódicas e rítmicas, control das emocións nas exposicións diante dun público, etc. Establecerase esta competencia tamén a través de estratexias de planificación de resolución dunha tarefa, da motivación por aprender, de sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe, de posuír o sentido crítico ante a resolución de erros e ser quen de pór en marcha mecanismos de superación, etc.
- ✓ a **CSC** atópase no interese e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros á hora das interpretacións e das decisións musicais tomadas polo grupo, ao respecto polo silencio e pola práctica musical dos demais, de amosar tolerancia ante as propostas do grupo; atópase na participación construtiva nas actividades da aula, tanto individuais como as grupales, etc.
- ✓ a **CSIEE** estará igualmente presente na práctica diaria, e deberá amosarse a través da autonomía e da exposición de ideas e novas propostas para compartir

co grupo. Está presente na capacidade de análise, planificación, organización e xestión dos proxectos acordados polo grupo, na capacidade de adaptarse aos cambios e ás resolucións de problemas, na capacidade de saber comunicar, presentar, representar e liderar ao grupo, etc.

- ✓ a **CCEC** atópase en todos os estándares de aprendizaxe relacionados coa práctica e a interpretación de melodías e danzas do patrimonio europeo, español e galego, e cos relacionados coa historia musical occidental, española e galega. Está presente tamén na valoración da interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural, apreciando a beleza e a creatividade das distintas manifestacións artísticas.

### 3. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**4. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias segundo a LOMCE e temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación da materia.**

<b>LPM 1º de Bacharelato - LOMCE</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Destrezas musicais</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.</li> <li>▪ B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e a ornamentación musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.1.1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.</li> <li>▪ LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc. e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.</li> <li>▪ LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Interiorización do pulso.</li> <li>▪ B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical e á articulación dos sons e dos seus ataques.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos e melódicos simultáneos dunha obra breve ou fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

LPM 1º de Bacharelato - LOMCE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>procede, as equivalencias nos cambios de compás.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.</li> <li>▪ LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.</li> </ul>	
<b>Bloque 2. A audición comprensiva</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.</li> <li>▪ B2.2. Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario e ternario.</li> <li>▪ B2.3. Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncope, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias, etc</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o cento periódico, e interiorizado para manter durante breves períodos de silencio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen fundamento a linguaxe musical culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, etc. das obras escoitadas ou interpretadas.</li> <li>▪ LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.</li> <li>▪ LPMB2.2.3. Escoita</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

LPM 1º de Bacharelato - LOMCE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>jazz, música tradicional, rock, flamenco, músicas do mundo, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais, acordes maiores e menores, acordes de sétima de dominante e de sétima diminuída, cadencias e modos.</li> <li>▪ B2.6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.</li> <li>▪ B2.7. Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos, e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.</li> <li>▪ B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos, e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos distintos elementos.</li> <li>▪ B2.9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.</li> <li>▪ B2.10. Transcripción de esquemas harmónicos das obras escoitadas.</li> </ul>		<p>das obras musicais seguindo a partitura.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes musicais propias da música culta, do jazz, do rock, do flamenco, da música tradicional, etc.</li> <li>▪ LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.</li> </ul>	
<b>Bloque 3. A teoría musical</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os tempos e os signos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os tempos e signos relacionados co ritmo e coa expresión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

LPM 1º de Bacharelato - LOMCE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, grupos de valoración especial, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecemento das grafías e dos tempos relativos á expresión musical, a dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.</li> <li>▪ B3.3. Aproximación ás grafías contemporáneas..</li> </ul>	relacionados co ritmo e coa expresión musical.	<p>musical</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica.</li> <li>▪ B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.</li> <li>▪ B3.6. Coñecemento e comprensión das escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.</li> <li>▪ B3.7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.</li> <li>▪ B3.8. Coñecemento da ornamentación musical.</li> <li>▪ B3.9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva.</li> <li>▪ B3.10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre sí.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.</li> <li>▪ LPMB3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.</li> <li>▪ LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>Bloque 4. A creación e a interpretación</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Realizar exercicios psicomotores e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

LPM 1º de Bacharelato - LOMCE				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<p>binario ou ternario e as súas variantes.</p>	<p>improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxuntada.</p>	<p>improvisaaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Improvisación tanto individual como colectiva de breves melodías.</li> <li>▪ B4.3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Improvisar, individualmente ou colectivamente breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas e diferentes aspectos da linguaxe musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical e de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.</li> <li>▪ LPMB4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.</li> <li>▪ LPMB4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</li> <li>▪ LPMB4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.</li> <li>▪ LPMB4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais</li> <li>▪ B4.6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.</li> <li>▪ LPMB4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



<b>LPM 1º de Bacharelato - LOMCE</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>complemento ao feito musical.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos.</li> </ul>	<p>movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.</p>	<p>adequando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.</li> <li>▪ B4.9. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB4.5.1. Comportase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades desenvolvidas en diferentes contextos.</li> <li>▪ LPMB4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Fenómeno físico-harmónico: movemento ondulatorio; serie de Fourier.</li> <li>▪ B5.2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.</li> <li>▪ B5.3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporções asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Transmisión e amortecemento do son.</li> <li>▪ B5.5. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.</li> <li>▪ B5.6. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e multipistas.</li> <li>▪ B5.7. Sinal analóxico e sinal dixital.</li> <li>▪ B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas de xeración de acompañamentos.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación en interpretacións ou creacións propias.</li> <li>▪ B5.10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.</li> <li>▪ B5.11. Realización de sonorizacións a través de improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación do son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ÁREA/MATERIA: LPM			CURSO: 1º de Bacharelato			
BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CONTIDOS	1º AV.	2º AV.	3º AV.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB1.1.1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Órganos e funcións do aparello fonador.</li> </ul>	5%			<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba escrita.</li> <li>✓ Fichas de recollida de información</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc. e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Técnica vocal: respiración, relaxación, colocación, emisión e vocalización.</li> </ul>	2%			<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación traballo na aula.</li> <li>✓ Exercicios de entoación (estándar pendente de concretar, ao precisar distancia de 3 metros entre o alumnado. Probablemente sexa avaliado a través dunha gravación realizada polo alumnado no ámbito doméstico e a súa posterior visualización na aula)</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coidado da voz e da postura corporal durante a interpretación, desenrolando hábitos beneficiosos para a saúde.</li> </ul>	3%	3%	4%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación traballo na aula.</li> <li>✓ Exercicios de entoación (estándar pendente de concretar, ao precisar distancia de 3 metros entre o alumnado. Probablemente sexa avaliado a través dunha gravación realizada polo alumnado no ámbito doméstico e a súa posterior visualización na aula)</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Fraseo, aplicación práctica de variacións de tempo, de dinámica e de carácter.</li> </ul>	5%	5%	4%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba escrita.</li> <li>✓ Exercicios de vocalización.</li> <li>✓ Producción do alumnado (estándar pendente de concretar, ao precisar</li> </ul>	

	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Intervalos, escalas, melodías e patróns rítmicos interpretados vocalmente.</li> <li>✓ Execución instrumental e vocal de pezas ou fragmentos a varias voces.</li> </ul>					<p>distancia de 3 metros entre o alumnado. Probablemente sexa avaliado a través dunha gravación realizada polo alumnado no ámbito doméstico e a súa posterior visualización na aula)</p>
--	---	--	--	--	--	--

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Improvisacións e interpretación de estruturas musicais, en grado de creciente dificultade, tanto cos instrumentos como coa voz..</li> </ul>	10%	10%	10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Composición de partituras.</li> <li>✓ Lectura de partituras.</li> <li>✓ Observación directa na aula.</li> <li>✓ Interpretacións na aula e diante dun público</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Coordinación á hora de interpretar distintas voces melódicas e rítmicas.</li> </ul>	5%			<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación na aula</li> <li>✓ Proba práctica (estándar pendente de concretar, ao precisar distancia de 3 metros entre o alumnado. Probablemente sexa avaliado a través dunha gravación realizada polo alumnado no ámbito doméstico e a súa posterior visualización na aula)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Elementos propios da linguaxe musical: notas, claves, compases, ritmos,</li> </ul>	10%	2%	4%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación na aula.</li> <li>✓ Proba escrita</li> <li>✓ Proba práctica</li> </ul>

	agónica, dinámica, cambios de compás, etc.				
<b>BLOQUE 2: A AUDIÇÃO COMPRENSIVA</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Discriminación do pulso e o acento nas audicións propostas.</li> <li>✓ Distinción dos distintos instrumentos e voces.</li> </ul>	5%	5%	4%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Fichas de recollida con exercicios de audicións.</li> <li>✓ Observación na aula.</li> <li>✓ Audicións de partituras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, etc. das obras escoitadas ou interpretadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Recoñecemento de intervalos, modos, acordes, escalas e cadencias.</li> </ul>	5%	5%	4%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba escrita</li> <li>✓ Observación na aula</li> <li>✓ Ficheiro de recollida de información</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Seguimento dunha partitura escoitando unha audición.</li> </ul>	2%	2%	2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.2.3. Escoita das obras musicais seguindo a partitura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Seguimento dunha partitura escoitando unha audición.</li> </ul>	2%	2%	2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes musicais propias da música culta, do jazz, do rock, do flamenco, da música tradicional, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Características de cada período da historia da música e do inicio da música moderna: jazz, blues, rock, vangardas, etc.</li> <li>✓ Características da música tradicional galega e do flamenco, etc.</li> </ul>		10%	7%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba escrita</li> <li>✓ Probas orais</li> <li>✓ Ficheiro de recollida</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Vocabulario específico propio da linguaxe musical para describir as características das obras escoitadas, utilizando a partitura ou non.</li> </ul>	1%	1%		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación na aula</li> <li>✓ Ficheiros de recollida na aula</li> </ul>
<b>BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os tempos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Compases binarios, ternarios e cuaternarios; cambios de compás; subdivisión e compases compostos.</li> <li>✓ Grupos de valoración especial.</li> <li>✓ Expresións de dinámica, de tempo, de carácter, de articulación e de técnica de interpretación.</li> </ul>	10%	5%	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba escrita.</li> <li>✓ Proba práctica</li> <li>✓ Observación na aula</li> <li>✓ Lectura e interpretación de exercicios e partituras</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Graffías musicais non convencionais.</li> </ul>		1%		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba práctica instrumental</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Partituras, musicogramas e outros soportes de representación gráfica dos elementos da linguaxe musical.</li> </ul>	2%	2%	3%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> <li>✓ Probas escritas</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Escalas maiores, menores, e non tonais.</li> <li>✓ Acordes triada, fundamental, de sétima de dominante e as súas funcións harmónicas.</li> <li>✓ Cadencias, frase musical e formas musicais.</li> </ul>	5%	5%	2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proba escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Uso preciso dos termos de linguaxe musical</li> </ul>	2%	2%	2%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> </ul>
<b>BLOQUE 4: A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Identificación, creación e improvisación de fórmulas rítmicas.</li> <li>✓ Percusión corporal atendendo ao pulso.</li> </ul>	1%	1%		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Exercicios prácticos na aula</li> <li>✓ Producción do alumno</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical e de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Creación e improvisación individual ou grupal de motivos melódicos tonais ou modais, aplicando os coñecementos adquiridos.</li> <li>✓ Estrutura pregunta-resposta.</li> </ul>	5%	5%		<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> <li>✓ Proba práctica instrumental (estándar que se valorará a través da observación de vídeos gravados polo alumnado na súa casa)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Aprecio pola musicalidade,</li> </ul>	4%	4%	4%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Interpretacións na aula e diante dun público</li> </ul>

	<p>sensibilidade estética e respecto a todos os estilos de interpretación.</p> <p>✓ Obras traballadas na aula.</p>				<p>✓ Controis de memorización de partituras sinxelas (estándar que se valorará a través da observación de vídeos gravados polo alumnado na súa casa)</p>
<p>▪ LPMB4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.</p>	<p>✓ Aprecio pola musicalidade, sensibilidade estética e respecto a todos os estilos de interpretación.</p>	4%	4%	2%	<p>✓ Observación</p>
<p>▪ LPMB4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</p>	<p>✓ Coñecementos técnicos dos instrumentos da aula e uso correcto dos mesmos.</p>	5%	5%	5%	<p>✓ Proba práctica</p> <p>✓ Observación (estándar que queda anulado polo cambio na metodoloxía – Covid)</p>
<p>▪ LPMB4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.</p>	<p>✓ Planificación e interpretación á hora dunha actuación musical, aplicando os contidos e as técnicas aprendidas</p>			2%	<p>✓ Observación</p>
<p>▪ LPMB4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.</p>	<p>✓ Organización dunha actuación musical.</p> <p>✓ Comportamentos adecuados para asistir a calqueira actuación musical.</p>	2%	7%	5%	<p>✓ Produción do alumno</p> <p>✓ Interpretacións individuais e grupais</p> <p>✓ Probas prácticas</p>
<p>▪ LPMB4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.</p>	<p>✓ Creación de partituras e obras co resto dos compañeiros,</p>	5%	7%	5%	<p>✓ Probas prácticas</p> <p>✓ Interpretacións na aula ou diante dun público</p>



	realizando acompañamentos harmónicos, rítmicos e melódicos, aplicando os coñecementos previamente adquiridos.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Elaboración dunha coreografía</li> </ul>			3%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Producción do alumno</li> <li>✓ Observación (estándar que queda anulado polo cambio na metodoloxía – Covid)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades desenvolvidas en diferentes contextos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ O silencio, o respeto e comportamentos axeitados.</li> </ul>		2%	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Autocontrol e técnicas de relaxación e fomento da confianza.</li> </ul>			5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Observación</li> </ul>
<b>BLOQUE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Formatos de video e de audio</li> <li>✓ Editores de partituras</li> <li>✓ Formatos MIDI, MP3, MP4, portales, plataformas blogs, webs, etc</li> </ul>			5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Gravacións de audio</li> <li>✓ Traballos de investigación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>LPMB5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Proceso de creación de producións audiovisuais e posterior montaxe.</li> </ul>		5%	10%	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Montaxe dun video con imaxe e son producido polo alumnado</li> <li>✓ Traballos de investigación</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Efectos de son, samplers, bases rítmicas e melódicas e outros sons pregravados na creación e na interpretación musical.</li> <li>✓ Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación do son.</li> </ul>				
--	---	--	--	--	--

Neste curso 2020-21, seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, cada materia dentro do nivel educativo correspondente, debe comezar cos contidos que quedaron sen impartir por mor do confinamento provocado pola pandemia Covid-19, que comezou o 13 de marzo de 2020 e non permitiu a incorporación aos centros educativos.

Dende o Departamento farase fincapé no repaso dos contidos mínimos correspondentes ao curso anterior na primeira avaliación para poder continuar cos estándares propios do nivel correspondente.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DIDÁCTICAS QUE REQUIRE A MATERIA DE LPM.

Esta programación didáctica está fundamentalmente baseada nunha metodoloxía de tipo **activa e participativa**, en combinación cunha metodoloxía de tipo **expositivo**.

A continuación preséntanse por orde de importancia ou transcendencia os principios de intervención educativa que se van ter en conta na programación:

**1- O principio de actividade.** Está proporcionalmente ligado ó método participativo. Este principio xustifica todas aquelas actividades de interpretación instrumental, vocal e de danza; as destinadas a investigación por parte do alumno, a construción de instrumentos, improvisación e creación musical, as actividades de reflexión e debate e a libre expresión.

**2- O principio da creatividade.** O sentido do creativo é inherente a educación musical e consiste en xuntar o que tradicionalmente se chamou creación inventiva (descubrimento) coa orixinalidade e o sentido artístico. Coas actividades encamiñadas a tal fin procúrase a espontaneidade e a capacidade expresiva e sobre todo, unha busca de novas vías de expresión para o alumnado.

**3- O principio de socialización.** O ser humano é un ser social por natureza, que debe nutrirse dos outros e do entorno para desenvolverse. Dentro deste principio podemos mencionar as actividades de investigación grupal, todas as danzas e actividades en grupo, as interpretacións vocais e instrumentais en grande ou pequeno grupo, etc.

**4- O principio de individualización.** O coñecemento cada vez maior do individuo foi creando a necesidade dunha ensinanza individualizada, que teña en conta a cada individuo como persoa con características distintas aos demais. En relación a este principio atópanse as probas e producións individualizadas.

Para acadar os obxectivos mínimos marcados e impartir os contidos, utilizaranse os apuntamentos realizados polo/a profesor/ar, escoitaranse en cada tema as audicións relacionadas cos contidos explicados e realizaranse exercicios exemplificativos do que se está a explicar.

*Durante todos os cursos anteriores, todos os contidos explicados, aplicábanse á práctica instrumental, utilizando todos os instrumentos presentes na aula (metalófonos, xilófonos, maracas, caixas chinesas, etc.), a fruta e a voz. Así mesmo, o alumnado*

*podía traer os instrumentos que tocaban fóra do ámbito escolar para interpretar as distintas partituras que se montaban na aula.*

*Para a práctica instrumental podíanse utilizar varias vías:*

- ✓ *partituras proporcionadas pola profesora, que poderían ser de música clásica, de música moderna, de música tradicional galega, ou de calqueira estilo musical.*
- ✓ *composicións do alumnado, que realizarían previa explicación da estrutura, tonalidade, acordes, etc sobre as que terían que traballar en equipo.*
- ✓ *partituras modernas sacadas de oído polo alumnado transcribindo a partitura para os distintos instrumentos que interpretaran dita partitura.*

*Como materiais necesitaban unha libreta/folios pautaada/os, unha libreta de folios brancos / folios brancos gardados nunha carpeta (para copiar os contidos nesta libreta e facer os esquemas de cada tema) e unha frauta.*

Neste curso 2020-21, a metodoloxía ten que ser diferente, xa que por unha banda non temos aula específica (houbo que ceder este espazo para que poidera ser unha aula común: concretamente un 2º de Bacharelato), e por outra, non podemos compartir os instrumentos da aula entre todos.

O alumnado de LPM utilizará a aula virtual como ferramenta de traballo, unha libreta de folios brancos, un ordenador no caso de corentena ou confinamento e para a exposición de traballos na aula e un instrumento para o ámbito doméstico que se utilizará para auto gravarse e enviar as gravación á profesora para un posterior visionado e avaliación.

#### **A “nova metodoloxía” consistirá:**

- **ESCENARIO 1: CLASES PRESENCIAIS.** A metodoloxía neste escenario consistirá en clases expositivas utilizando Power Points, pizarras ordinarias, aula de informática e pizarra dixital. Os apuntamentos serán facilitados polo profesorado a través da aula virtual ou dunha copia que se deixará en Conserxería para aquel alumnado que prefira mercar o material xa impreso. Todos estes contidos acompañaranse de audicións activas, visionados de vídeos exemplificativos dos contidos explicados previamente, explicación das partituras facilitadas polo profesorado para a súa posterior interpretación e gravación no ámbito doméstico do alumnado (estas gravacións visionaranse na aula, en presenza de todo o alumnado

para a posterior análise, tanto melódica, como rítmica, como expresiva), a realización de traballos de investigación por parte do alumnado sobre temas propostos polo profesorado (realizando o profesorado un seguimento da investigación nas clases presenciais) e a súa posterior exposición na aula, etc.

- **ESCENARIO 2: PERÍODOS DE CORENTENA OU CONFINAMENTO.** A metodoloxía neste escenario realizarase a través de Edixgal co alumnado de 2º da ESO, da aula virtual (creada dentro da plataforma *edu.xunta*) e dos correos electrónicos (excepcionalmente utilizarase o espazo de *Google drive* para subir vídeos ou cuestionarios online e a plataforma de *Youtube* para subir vídeos explicativos realizados polo profesorado). Aproveitarase este tempo non presencial para afondar nos contidos xa impartidos e avanzar con contidos esenciais para superar a materia cara ao final de curso)

Tanto no escenario 1 coma no 2, acompañaranse as explicacións coa proxección de videos exemplificativos para chegar a entender determinados conceptos e Power Points realizados polo profesorado. Así mesmo, poderán visionarse filmes relacionadas coa historia da música.

E tanto no Escenario 1 coma no 2, os materiais necesarios para a materia de Música serán: libreta de folios brancos, ou follas brancas soltas e gardadas nunha carpeta, unha fruta para a interpretación na casa (ao ser necesario unha distancia mínima de 3 metros para poder utilizar os instrumentos de vento e non a hain as aulas ordinarias) e acceso á aula virtual.

Acompañaranse estas explicacións de algún visionado de DVD ou video tutorial para chegar a entender determinados conceptos. Así mesmo, visionaranse películas relacionadas cos contidos, buscarán información en Internet para os traballos de investigación, utilizaremos o Power Point para a exposición oral de ditos traballos, etc.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

No centro hai varias enciclopedias sobre a Historia da Música na Biblioteca do instituto para consulta do alumnado.

As aulas ordinarias están provistas dunha pizarra branca, unha pizarra dixital, un ordenador e conexión a internet.

Están tamén os apuntes da materia elaborados pola xefa do Departamento e o material de apoio colgado na aula virtual.

O departamento solicitará unha hora de utilización na aula de informática do centro para poder elaborar e guiar os traballos de investigación e realizar un seguimento dos mesmos (sobre todo nos cursos máis baixos)

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.1. Criterios de avaliación e cualificación

A materia de música cualificarase a través dos estándares de aprendizaxe mediante os diferentes instrumentos que se sinalan nos perfís de area, do seguinte xeito:

- ✓ Probas escritas: 40%
- ✓ Proba práctica instrumental, que consistirá na gravación da partitura seleccionada por parte do alumnado no seu ámbito doméstico de xeito individual: 15%
- ✓ Exposición dos traballos de investigación, nos que se valorarán os contidos traballados e a utilización dunha linguaxe axeitada e dunha terminoloxía propia da materia: 25%
- ✓ Actitudes, participación, esforzo, produción do/a alumno/a e cadernos de aula: 20%

A cualificación obtérase mediante a media aritmética dun exame escrito (ou dous se o alumnado o preferise) que ponderará cun 40% e un exame práctico por trimestre que ponderará un 15% e a exposición do traballo de investigación que ponderará un 25%. O alumnado aprobará sempre e cando a media dos catro bloques acade un 5 (ou 4,6 que por defecto redondearase cara ao 5). Cómpre recordar que as notas dos exames corresponden ao 80% da materia. O 20% restante corresponde ao seguimento do alumnado, á presentación da libreta, ao traballo na aula, etc.

No Bacharelato hai que ter en conta a posibilidade de que o alumnado sofra unha **modificación dos criterios de avaliación polas faltas de asistencia continuadas e non xustificadas**, segundo aparece recollido no RD 732/1995, de 5 de maio, no seu artigo 44.2. O alumnado de 1º de Bacharelato que supere o 10% das horas lectivas (

porcentaxe aprobada na CCP do 10 de outubro de 2018), da materia de LPM (corresponden 10 horas ao longo do curso escolar) sen xustificar terá dereito a 1 exame por avaliación do que sairá a nota da avaliación. O departamento deberá notificar a perda do dereito da cualificación xeral por escrito ao alumnado, previo aviso ao titor/a ao 6% das faltas.

Para o alumnado que perda este dereito, os criterios de avaliación e cualificación serán os seguintes nun só exame:

- ✓ Proba escrita: 50%
- ✓ Proba práctica: 50%

## 7.2. Criterios de promoción

Para facer a media da **nota final**, é dicir, a nota da 3ª Avaliación - Ordinaria, farase unha media aritmética entre as notas finais de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando teñan de media unha norta igual ou superior ao 3,5 e cumbran os requisitos establecidos no punto anterior.

En **Setembro** avaliarase o curso completo, en base aos graos mínimos de consecución dos estándares. O procedemento será a través dun exame teórico, dun exame práctico (no caso de non superar a parte práctica ao longo do curso) ou de ambos (no caso de ter suspensas as dúas partes da materia). Aprobarán a materia sempre e cando acaden un 5.

Os criterios de promoción do alumnado en relación ao resto das materias serán os establecidos no Proxecto Educativo de Centro e nas NOF, en cumprimento da lei vixente.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE E A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Como indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza aprendizaxe empregaremos os seguintes:

- Avaliación
- Actividades de aula
- Tratamento da diversidade
- Programación didáctica

Realizárase un seguimento trimestral e a información obtida será recollida na memoria final. A programación do Departamento de Música enténdese como unha proposta, aberta a modificacións segundo as necesidades que se presenten. Nas reunións de Departamento analizaranse os futuros cambios que se consideren oportunos segundo as dificultades topadas.

A **reunión de Departamento** terá lugar os luns (na quinta sesión, de 12:55 a 13:45h). Un dos temas dos que se levantarán acta será o estado de desenvolvemento da Programación e das incidencias atopadas, así como da comprobación da consecución ou non dos Indicadores de logro.

Os distintos indicadores de logro serán avaliados do 1 ao 4, indicando o 1 o menor grao de cumprimento e o 4 o máximo.

<b>AVALIACIÓN</b>	1	2	3	4
Antes de comezar unha unidade explícase como se avalía.				
Aplícase a observación do traballo, tanto individual como colaborativo, e a observación da actitude dentro da aula.				
Elabórase unha avaliación adaptada para o alumnado NEAE, de ser necesaria.				
Utilizáronse os distintos instrumentos para a avaliación: probas escritas, observación do alumnado, produción do alumnado, traballo individual e en equipo, caderno de aula, etc.				
Na avaliación tense en conta todas as competencias.				



Avalíanse os apoios, os reforzos, as actividades de recuperación, etc.				
Entre as distintas avaliacións prográmase unhas actividades para a recuperación das avaliacións anteriores.				

<b>ACTIVIDADES DE AULA</b>	1	2	3	4
Como norma xeral as explicacións serán comúns para todo o alumnado, coa excepcionalidade do alumnado con NEAE e para o alumnado que ten medidas de atención á diversidade.				
Observación na aula dos temas transversais, vinculados a cada estándar.				
Acadouse unha participación activa e interesada de todo o alumnado.				
O traballo na aula desenvólvese de xeito individual e grupal.				
Utilízanse ferramentas TIC para a exposición dos contidos e para a consecución da práctica instrumental.				
As clases resultan interesantes e motivadoras para todo o alumnado, prestando especial interese ao alumnado con medidas de atención á diversidade.				
Realízouse un seguimento diario das actividades, do caderno, da práctica instrumental e das actividades propostas polo profesorado de música.				

<b>DIVERSIDADE</b>	1	2	3	4
Para coñecer ao grupo realízase unha proba inicial. Para obter unha información máis precisa, asistírase ás avaliacións iniciais, onde o/a titor/a e o departamento de orientación darán informes máis detallados.				
Terase en conta a diversidade á hora de organizar os grupos, de crear grupos, de mandar as actividades a realizar, etc.				
Realízanse explicacións individualizadas ao alumnado que o precise.				
Adoptáronse medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE e con necesidades específicas.				

<b>PROGRAMACIÓN</b>	1	2	3	4
Consúltase a programación ao longo do curso e ,de ser o caso, realizaranse as modificacións oportunas.				
Recóllense na programación todas as competencias básicas, os elementos transversais, os estándares de aprendizaxe, os criterios e os instrumentos de avaliación.				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación dos criterios establecidos para as avaliacións: tanto as ordinarias, como as extraordinarias.				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e a avaliación das materias pendentes.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio e recuperación vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado NEAE.				
Adecuación dos mecanismos para informar ao alumnado e ás familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				
Está establecida unha temporalización para cada unidade e cada estándar de aprendizaxe.				
Contribución desde a materia ao Plan de lectura do centro.				
Están establecidos os instrumentos de avaliación para cada aspecto da programación.				

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

A **recuperación das avaliacións suspensas** levarase a cabo nunha proba escrita da parte teórica da materia, que se realizará despois da entrega de notas da primeira e segunda avaliación. A terceira avaliación, xunto coas avaliacións pendentes

que aínda non foran superadas, recuperarase nos días establecidos polo departamento para as recuperacións finais, con anterioridade á entrega de notas de xuño.

Para o **alumnado repetidor coa materia de LPM suspensa**, o profesorado de música impartirá as clases normais co grupo e proporcionará ao alumnado uns exercicios de reforzo semanas antes dos exames para facer fincapé nos contidos explicados no trimestre.

## 10. AVALIACIÓN INICIAL, MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

Nas primeiras semanas do curso realizarase por escrito e sempre de xeito individual, unhas fichas que servirán como avaliación inicial. Nestas fichas inclúense cuestións relativas aos estándares de aprendizaxe máis importantes do curso anterior. O propósito desta avaliación inicial é:

- ✓ obter un punto de partida para as ensinanzas que se pretenden levar a cabo durante o curso.
- ✓ analizar cunha proba escrita o rexistro de alumnos e alumnas que presenten unha necesidade educativa especial que leve consigo unha modificación da metodoloxía ou dos contidos. Esta proba servirá como ampliación da información transmitida polo Departamento de orientación e polo/a titor/a na avaliación inicial.
- ✓ analizar as causas dos bos ou dos malos resultados obtidos nesta proba comparándoos cos resultados finais obtidos no curso escolar anterior na nosa materia.

O primeiro mes de curso é fundamental para a observación do grupo. Neste primeiro mes, as actividades na aula, na parte práctica sobre todo, deberán estar enfocadas cara ao coñecemento do grupo: do seu funcionamento en conxunto como grupo (se é un grupo disruptivo, se é un grupo traballador, se hai bo clima entre os seus integrantes, etc.) e cara á identificación das necesidades individuais (alumnado que necesita maior seguimento, tanto a nivel afectivo como a nivel cognitivo, alumnado con desmotivación, etc.)

Despois desta primeira fase de observación estableceranse as medidas oportunas en colaboración co titor/a do grupo e co departamento de orientación de fora necesario.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Levaranse a cabo as medidas de atención á diversidade ordinarias que se consideren oportunas para unha correcta atención individualizada a cada un dos alumnos e alumnas, a través da adaptación dos medios de acceso ó currículo, dos tempos de realización de probas e actividades, dos xeitos e modos de avaliación, e todos aqueles que se consideren oportunos para atender cada un dos casos que se vaian presentando.

Dentro das aulas de Bacharelato atopamos unha gran variedade de alumnado que non forma grupos homoxéneos, senón que cada un deles, presenta as súas características propias, referidas a un nivel educativo propio, unha madurez diferente, unhas condicións sociais desiguais, unas capacidades diferenciadas, Por todo isto é imprescindible unha avaliación inicial ao grupo para observar todos estes aspectos que nos darán unha idea do nivel educativo do que parte cada integrante do grupo. Unha vez establecido o nivel educativo de cada alumno, procederase a adoptar as medidas necesarias para que intente seguir os conceptos e a marcha da clase: reforzos, clases de repaso, adecuación dos contidos ao nivel xeral da clase, ampliación de contidos no caso de haber alumnado con altas capacidades ...

Dentro das **medidas ordinarias** atópanse os reforzos educativos e os apoios. Desde a materia de LPM, estas medidas ordinarias variarán en función das necesidades do alumnado, pero basicamente poden resumirse ás seguintes:

- actividades específicas.
- flexibilización da metodoloxía.
- flexibilización da temporalización dos contidos e dos estándares de aprendizaxe mínimos.
- modificación nos instrumentos e técnicas de avaliación (por exemplo, no exame práctico: flexibilizar o instrumento obrigatorio a calquera que se atope na aula).

Neste curso 2020-21, o grupo de LPM de 1º de Bacharelato está formado por 15 alumnos/as. É un grupo bastante homoxéneo, xa que a maioría do alumnado cursou Música optativa en 4º da ESO. Dos 15 integrantes, 2 alumnas tocan instrumentos fóra do instituto, e 4 alumnos non cursaron Música o curso anterior.

## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Traballaranse na materia de música e na materia de LPM, algúns dos elementos transversais que se recollen no artigo 4 do Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que destacamos:

1. A comprensión lectora
2. A expresión oral e escrita
3. A comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación
4. O emprendemento
5. A educación cívica e constitucional

Así mesmo, dende a materia de música, fomentárase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero,

favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Dende a materia de LPM tamén se fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

E xa, no último elemento transversal que vén redactado no decreto, dende a materia de música pouca relación ten co noso currículo, pero intentarase facer referencia tamén a este último elemento transversal: No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Neste curso 2020/21, non haberá actividades extraescolares por mor do Protocolo Covid-19.

Respecto ás actividades complementarias, dependerá da evolución da pandemia, pero algunhas das previstas doutros cursos son:

- ✓ obradoiro sobre "o Jazz e a súa relevancia na música moderna", impartido polo trompetista Lázaro Daniel Cardoso Chávez. Este obradoiro está pensado para o alumnado de 4º da ESO (está pendente de revisar a metodoloxía deste Obradoiro, xa que estaba pensado a través da interpretación de partituras e esquemas melódicos cos instrumentos de vento)
- ✓ participación nos proxectos educativos que se determinen no centro.
- ✓ taller de eco-percusión, pensado para todo alumnado da ESO, levado a cabo por Didier, no que o alumnado aprende uns patróns rítmicos grupais, acadando

unha gran batucada e utilizando instrumentos construídos con material de refugallo.

- ✓ Actividades propostas polo Concello relacionadas coa materia e que se poidan impartir dentro das aulas
- ✓ Concertos do alumnado coas cancións aprendidas ao longo do curso (pendente tamén da evolución da pandemia)

## **14. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

A programación será avaliada a través dos indicadores de logro establecidos nesta programación no apartado 8 e serán empregados para a realización da memoria final. Realizarase un seguimento trimestral e a información obtida será recollida na memoria final. A programación do Departamento de Música enténdese como unha proposta, aberta a modificacións segundo as necesidades que se presenten. Nas reunións de Departamento analizaranse os futuros cambios que se consideren oportunos segundo as dificultades atopadas.

Arcade, 06 de outubro de 2020

A Xefa do Departamento

Asdo. Paula Veiga Sertal